



## ORDENANZA Nº 10

### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE VEDRA

#### Artigo 1º.- Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local pola *utilización do Pavillón Municipal de Vedra*, que se rexerá pola presente ordenanza, cunhas normas que atenden ao previsto no artigo 58, en relación co artigo 20.4 s), os dous da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, de acordo coa modificación establecida na Lei 25/1988, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público. E tomando en consideración o disposto no artigo 19 do vixente regulamento de réxime interior de instalacións deportivas do Concello de Vedra.

#### Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a *utilización do Pavillón Municipal de Vedra*, de propiedade e xestión municipal.

#### Artigo 3º.- Suxeitos pasivos

Están obrigados ao pagamento:

3.1.- As persoas naturais ou xurídicas que soliciten a utilización das instalacións.

3.2.- As entidades, organismos, asociacións, federacións, clubs, etc, en nome das que soliciten no concello autorización para a utilización das instalacións.

#### Artigo 4º.- Cota tributaria e tarifas

	Prezo/hora	Bono anual
<i>Veciños cun ano de antigüidade no padrón e colectivos do Concello</i>	10 euros	350 euros
<i>Persoas e colectivos de fóra do Concello</i>	20 euros	1000 euros
Utilización do pavillón como albergue	5 euros persoa/noite	

<i>Asistentes a escolas deportivas organizadas polo Concello</i>	<i>1ª actividade</i>	Prezo segundo nova ordenanza
	<i>2ª actividade</i>	Prezo segundo nova ordenanza



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



<i>Competicións deportivas (non organizadas polo Concello) sen entrada libre</i>	60
<i>Espectáculos non deportivos que non organice o Concello</i>	100
<i>Actividades adultos</i>	40
<i>Actividades infantís</i>	200

### **Artigo 5º.- Exencións e bonificacións**

Non estarán suxeitas a esta taxa as utilizacións nas instalacións que correspondan a:

5.1.- Horas destinadas a educación física escolar ou actividades escolares dos centros de ensino público do Concello, coa supervisión dun profesor, en horario lectivo.

5.2.- Actividades de clubs deportivos ou entidades coas que se conveñan algún tipo de actividades (escolas deportivas, actividades de deporte de base, etc.)

5.3.- Actividades de colectivos de especial vulnerabilidade.

5.4.- As actividades gratuítas non deportivas que así acorde o Concello.

5.5.- Persoas do Concello incluídas en programas sociais.

Os interesados na obtención de exencións ou bonificacións sobre do importe das tarifas deberán solicitarllo ao Concello, facendo constar as circunstancias que xustifiquen a súa solicitude.

### **Artigo 6º.- Retribución**

A obriga de pagar orixinarase no momento en que se solicite a prestación do servizo. Atendendo ás especiais características dalgunha das actividades a desenvolver, o Concello poderá esixir un depósito previo aos organizadores dalgun acto a realizar nas instalacións do Pavillón Municipal.

### **Artigo 7ª.- Forma de pagamento e prazo**

Os usuarios deberán aboa-las tarifas nas oficinas municipais ou nas entidades consignadas para tal efecto, cando obteñan a correspondente autorización de uso.

### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

A non celebración dos espectáculos só dará dereito á devolución da taxa pagada cando sexa por causas imputables ao propio Concello, non tendo dereito o solicitante a reclamar por danos e perdas sempre que a anulación do permiso se notifique con corenta e oito horas de antelación.

### **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Nota: ultima modificación pleno ordinario do 31/05/2012 (actualización artigo 4º e 5º (colectivos de especial vulnerabilidade))